



Equipo móvil asequible, delgado y ligero,  
equipado con pantalla panorámica  
y todas las funciones profesionales que necesitas

# FARO DE VIGO . es

DIARIO DECANO DE LA PRENSA NACIONAL

Quiénes somos

Redacción

Delegaciones

Suscripciones

Publicidad

Club FARO

## Portadas en PDF

Ver edición...

Edición  
ACTUALIZADA

Portada

Galicia

España

Mundo

Sociedad

Cultura

Ciencia y Tecnología

Deportes

Economía

## IMAGENES

Actualidad

Sociedad

Deportes

Infografías

## Ediciones

Pontevedra

Ourense

Arousa

O Morrazo

Deza - Tabeirós -  
Montes

## Secciones

Portada

Gran Vigo

Comarcas

Galicia

Opinión

España

Mundo

Sociedad y Cultura

Sucesos

Economía

Deportes

Humor

Última

Cartas

Agenda

## Servicios

Titulares

Mapa del Web

Buscadores

Encuestas

Foros

Chat

Webcams

El Tiempo

## CAMPO DE GRANADA

### Xosé María Álvarez Blázquez

**"O galeguista de aceiro e pedra fina" recibirá por fin o recoñecemento que merece". | MANUEL BRAGADO**

#### SERVICIOS

- Enviar esta página
- Imprimir esta página
- Contactar

Anterior

Volver

Siguiente

Excelente noticia é que don Xosé María Álvarez Blázquez sexa homenaxeado o vindeiro 17 de maio de 2008. Quen fora escritor, editor, libreiro, mestre, historiador, arqueólogo, "galeguista de aceiro e pedra fina" e Cronista Oficial da Cidade de Vigo entre 1976 e 1985 recibirá por fin o recoñecemento que merece o traballo deste polifacético activista cultural a prol da causa de Galicia.

Nacido en Tui en 1915 e educado no berce dos Álvarez -unha familia que ao longo dun século ten achegado toda unha xínea de altos poetas á nosa literatura- Xosé María destacou dende moi novo na súa vocación literaria e no seu compromiso político galeguista. Cursando estudos de Maxisterio en Pontevedra publicou, aos dezasete anos, o seu primeiro poemario ("Abril"), fundou a revista literaria ("Cristal") e, pouco máis tarde, entrou a formar parte da Federación de Mocidades do Partido Galeguista. O encarceramento e posterior fusilamento do seu pai, o médico Darío Álvarez Limeses, o 30 de outubro de 1936 por parte das forzas sublevadas marcáranos de por vida (como ao resto dos seus irmáns, Darío, Celso, Alfonso, Emilio e Álvaro), sendo sancionado en 1937 polo goberno de Franco coa suspensión de emprego e soldo como mestre da escola de Coia (onde nunca chegou a exercer) e co traslado á de Coreses, na provincia de Zamora.

A partir de 1941 instalouse en Vigo, cidade na que dende entón desenvolveu todo o seu periplo vital, onde casou con María Luisa Cáccamo Frieben, onde traballou como secretario da Confraría de Pescadores "San Francisco" e como profesor do Instituto Náutico Pesqueiro, e onde abriu (en 1948) na rúa Pi e Margall, xunto co seu socio Luis Viñas Cortegoso, a librería anticuaría "Monterrey" e, dous anos máis tarde, a elitista editorial cultural do mesmo nome que (salvando a aparición do selo de "Bibliófilos Gallegos" e da colección de poesía "Benito Soto") debemos considerar como a primeira das editoras galegas despois do alzamento.

Don Xosé María desenvolveu unha intensa actividade literaria. Como poeta publicou "Poemas de ti e de min" (1949, Xerais 2005), xunto ao seu irmán Emilio; "Roseira do teu mencer" (1950, Xerais 1992), dedicado a súa filla Colorín; "Cancioneiro de Monfero" (1953), unha das obras claves do neotrobadorismo; "Romance do pescador peleríño" (1954) e "Canle segredo" (1976), o seu poemario central polo que obtivo en 1954 o premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires. Como narrador foi finalista en 1945 do 1º Premio Nadal por "En el pueblo hay caras nuevas", ademais de publicar en galego "A pega rabilonga e outras historias de tesouros" (1971) e escribir o libro de relatos "Os ruíns", aínda inédito, que entregara en 1936 a Ánxel Casal para a súa publicación na editorial Nós.

Mención á parte merece o traballo de don Xosé María como investigador da nosa literatura, eido no que o sabía todo. En 1952 publicou en Galaxia a "Escolma da poesía medieval I. Escola medieval galego-portuguesa", obra

Servici

C  
D  
SU  
POI

Servici



Contem

E

Edito

HÁGA

PÁG

IN

ATE

AL L

- [Loterías y quiniela](#)
- [Hemeroteca](#)
- [Televisión](#)
- [Enlaces](#)
- [Galería de imágenes](#)
- [Cartelera](#)
- [RSS](#)
- [Páginas amarillas](#)
- [Páginas blancas](#)
- [Callejero](#)
- [Alojamientos](#)
- [Restaurantes](#)
- [Magazine](#)
- [Galería](#)
- [Imágenes del día](#)
- [Documentos](#)
- [Gráficos](#)
- [Blogs](#)
- [Tecnología aplicada](#)
- [El lector sin prisas](#)
- [Canales](#)
- [Bolsa](#)
- [Fútbol](#)
- [Motor](#)
- [Tecnología](#)
- [Suplementos](#)
- [A Escola](#)
- [Campeones](#)
- [El sábado](#)
- [Estela](#)
- [Faro Cultura](#)
- [Faro motor](#)
- [La Isla del Faro](#)
- [Vigo 4 costados](#)
- [Vigo siglo XXI](#)
- [Visado](#)
- [Publicidad](#)
- [Condiciones](#)
- [Tarifas](#)
- [Promociones](#)

alboral para a recuperación do noso patrimonio literario milenario e aínda imprescindible para entendela acoidamente. En 1958 obtivo o premio da Asociación da Prensa de Vigo polo seu traballo "Martín Codax, cantor del mar de Vigo" (editada en galego por Xerais en 1998, coa reprodución do Pergameo Vindel) e en 1964 leu o seu discurso de ingreso na Academia Galega, "Cantares e romances vellos prosificados", onde amosa unha das súas angueiras máis sentidas a da recuperación da historia literaria dos chamados Séculos Escuros.

Mais a importancia da figura de don Xosé María non se pode entender sen valorar o seu traballo como divulgador da historia local viguesa, onde é unha figura principal. Ao longo do ano 1959 publicou diariamente en "Faro de Vigo" a sección "A cidade e os días", que no ano seguinte daría lugar a edición dun libro co mesmo nome, constituíndo o primeiro calendario histórico da nosa cidade. Con prosa briosa e engaiolante, documentada con rigor apabullante, neste libro memorable (que será reeditado por Xerais en edición galega nos vindeiros meses), don Xosé María vai debullando a historia miuda dunha humilde vila de pescadores que se foi transformando no pulmón industrial da Galicia de hoxe. Como tampouco, podemos rematar este retrato apresurado sen citar o seu labor como editor da citada editorial Monterrey e das edicións Castrelos, que fundou cos seus irmáns en 1964, a primeira editorial con espírito comercial e renovador das fundadas en Galicia tras a Guerra Civil, que pola súa relevancia merecerá nesta sección un artigo de seu.

Esta homenaxe do vindeiro 17 de maio a don Xosé María Álvarez Blázquez contribuirá tanto a recuperar a dimensión hercúlea moral, literaria, cultural e política de tan importante figura como a revitalizar e popularizar a efeméride. Beizóns á Academia por tan afortunada escolla.  
bretemas@gmail.com

[Inicio](#)

#### [GZnacion.com](#)

Avanzando as noticias A vantaxe de sabelo antes

#### [Alquiler Veleros Galicia](#)

Alquiler de Veleros con/sin Patrón Formación y ropa náutica

Anuncios Google

**FARO DE VIGO . ES**

© 1999-2005 Factoría de Chapela-Redondela 36320 PONTEVEDRA Galicia ESPAÑA Tel. +34 986814600 Fax +34 986814614

**RSS**

[Aviso legal](#)

Publicación electrónica auditada por



Otras publicaciones del grupo Editorial Prensa Ibérica:

Diari de Girona - Diario de Ibiza - Diario de Mallorca - Empordà - Información - La Nueva España - La Opinión A Coruña - La Opinión de Granada - La Opinión de Málaga - La Opinión de Murcia - La Opinión de Tenerife - La Opinión de Zamora - La Provincia - Levante-EMV - El Boletín - Mallorca Zeitung - Regió 7 - Súper Deporte - The Adelaide Review